



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C5-16. Consultas procedemento de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU.

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos PCAP.

#### 1.- Consulta núm. 01:

Formulada con data 22.02.2016

Texto da consulta:

"Boas tardes,

*En relación ás bases da licitación do MANTEMENTO PREVENTIVO E CORRECTIVO E CONSERVACION DAS INSTALACIÓNS, EQUIPOS E SISTEMAS DE PCI EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU, no mantemento correctivo (punto 3.2 do prego de prescricións técnicas).*

*¿O coste da reposición dos elementos averiados, recarga de gas ou pó de extintor, ou reposición de extintor por caducidade do mesmo é a costa de empresa adjudicataria ou entra dentro dos que hai que acopañar orzamento para posterior aprobación do mesmo por parte do Concello?"*

#### **Aclaración á consulta núm. 01.:**

Con carácter xeral, o obxecto e ámbito de aplicación do servizo se atopa definido na cláusula I dos PCAP e o seu alcance detaiado pormenorizadamente ao longo dos PPT.

Concretamente e, en contestación á consulta formulada, no último parágrafo da cláusula 3.2 dos PPT expresamente se dispón que:

***"A empresa deberá informar dos aparatos, equipos ou sistemas que non ofrezan garantía de correcto funcionamento, presenten deficiencias que non poidan ser corrixidas durante o mantemento correctivo ou non cumpran as disposicións vixentes que lle sexan aplicables. Dito informe deberá ser razoado tecnicamente e irá acompañado de orzamento previo. Estes traballos de mantemento correctivo con orzamento únicamente se realizarán unha vez que o concello aprobe a súa adjudicación".***

Polo tanto, nestes casos (*equipos ou sistemas que non ofrezan garantía de correcto funcionamento, presenten deficiencias que non poidan ser corrixidas durante o mantemento correctivo ou non cumpran as disposicións vixentes que lle sexan aplicables*) a empresa adjudicataria deberá presentar un informe razoado tecnicamente cun orzamento previo cuos **prezos unitarios deberán ser, en todo caso, coincidentes cos ofertados no cadro, adxunto á oferta, que conteña o prezo unitario por centro e vehículo según o inventario que figura como anexo III dos PCAP** e que se debeu aportar pola empresa conxuntamente coa oferta económica consonte se dispón no encabezado do anexo IV dos PCAP.

En Bueu, a 23 de febreiro de 2016

O Alcalde,  
Félix Juncal Novas